

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 1**

*Os seguintes documentos deben permitirche a realización dunha composición sobre o período histórico comprendido entre 1808 e 1814, no que se desenvolve a chamada Guerra da Independencia. Comezada coa sublevación popular do 2 de maio, á que se refire o Doc.1, as Xuntas que se constituirán en diferentes ámbitos territoriais (Doc.2) tratarán de coordinar unha resistencia contra os franceses que adopta con frecuencia a forma de guerrillas e na que conflúen intereses e obxectivos diversos (Doc.3). Paralelamente á guerra desenvólvese unha revolución política que tenta asentar o liberalismo e que ten a súa mellor plasmación na obra das Cortes de Cádiz (Doc.4). Lembra que non se trata de elaborar un tema á marxe das fontes propostas, polo que debes referirte aos seus contidos ao longo da túa redacción.*

#### **Doc. 1.-Orde do mariscal Murat (2 de maio de 1808):**

“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada como unha xunta sediciosa (...)

Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados como uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”.

#### **Doc. 2.-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):**

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.

Doc. 3.-O militar e político liberal Evaristo San Miguel expón neste escrito (1836) os diversos proxectos dos combatentes contra os franceses:

“De todos os xeitos non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferenzas internas e a guerra da independencia unha especie de guerra civil ao mesmo tempo.

Aos nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ao espírito innovador que os ameazaba (...).

Os ilustrados eran un número considerable e non podían ter, no seu pronunciamento contra o emperador, só a mira de volver ao Estado anterior. Non era posible (...) que gustasen de volver ao antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes que afearan as administracións anteriores”.

Doc. 4.-Constitución de 1812:

“Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios (...).

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais (...).

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 2**

*Os seguintes documentos serven de base para realizar unha composición sobre a instauración e institucionalización do réxime franquista. Comezada durante a guerra civil marcando as diferenzas coa democracia (Doc.1), nos seguintes anos diferentes textos legais van conformando o réxime: a implantación do sindicalismo vertical (Doc.2), a creación dunseudoparlamento á medida (Doc.3) ou a codificación de dereitos e deberes dos españois (Doc.4) son exemplos representativos. Por último, no Doc.5 amósanse algúns dos instrumentos e apoios que serviron ao franquismo na súa consolidación.*

#### **Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional:**

“Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, orgánicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta o pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos, hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases; (...) hai que elevar os principios do *Movimiento*”.

Doc.2.-Lei sobre unidade sindical (31 de xaneiro de 1940):

“Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo *Fuero del Trabajo*, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, a saber: Unidade, Totalidade e Xerarquía. Haberá, pois, segundo precepto do *Fuero*, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas da produción ou servizos.

Artigo primeiro.-A Organización Sindical de *F.E.T. y de las J.O.N.S.* é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, quen non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou similares”.

Doc.3.-Lei de creación das Cortes Españolas (17 de xullo de 1942):

“Continuando na Xefatura do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas (...), o órgano que se crea significará, á vez que un eficaz instrumento de colaboración naquela función, principio de autolimitación para unha institución máis sistemática do poder (...).

Art. 1.-As Cortes son o órgano superior de participación do pobo español nas tarefas do Estado. É misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, sen prexuízo da sanción que corresponde ao Xefe do Estado.

Art. 2.-As Cortes compóñense de Procuradores natos e electivos, a saber: a)Os ministros. b)Os conselleiros nacionais de *F.E.T. y de las J.O.N.S.* c)O Presidente do Consello do Estado (...). d)Os representantes dos Sindicatos Nacionais. e)Os Alcaldes das cincuenta capitais de provincia (...). f)Os Reitores das Universidades (...). i)Aquelas persoas que pola súa xerarquía eclesiástica, militar, administrativa ou social, ou polos seus relevantes servizos a España, designe o Xefe do Estado, en número non superior a cincuenta”.

#### **Doc.4.-Fuero de los Españoles (17 de xullo de 1945):**

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo o home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimonias nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.

Doc.5.-Dionisio Ridruejo, ex-falanxista posteriormente represaliado polo réxime, exprésase así na súa obra *Escrito en España* (1962):

“Os grupos económicos atribuíanse con todo acougo o seu lote de soberanía. A Igrexa tomaría o seu. O Exército –aínda que oficialmente incluído, home a home, no Partido único- absorbería a súa porción, exercendo o control dos instrumentos executivos, e ficaría constituído en forza básica e arbitral. O Partido único proporcionaría o persoal político por xunto e representaría docilmente o papel de pobo na función (...). Pola súa banda, o poder persoal, establecido como clave de arco (...), esponxariáse nunha camarilla recrutada entre os máis fieis (...).

En rigor, a guerra non producira poderes novos. Máis ben repuxera no seu sitio, libres de coidados, aos poderes antigos, destruindo aqueles outros que os ameazaban”.

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)**

### **OPCIÓN 1**

*Baseándote nos documentos que se presentan, debes realizar unha composición que teña por tema central a evolución política durante o Sexenio democrático (1868-1874). Debes comezar por comentar as circunstancias que conduciron á expulsión do trono de Isabel II e as aspiracións dos revolucionarios triunfantes (Doc.1). A Constitución de 1869 supón a instauración dun novo réxime político, que debes caracterizar nos seus trazos esenciais (Doc.2). As razóns do fracaso da fórmula monárquica (Doc.3), a implantación do réxime republicano que a sucede e do proxecto federal (Doc.4) que se intenta instaurar deben integrarse tamén na túa redacción. Para concluír, podes aludir ao fracaso final da República e á súa substitución por un novo réxime.*

#### **Doc.1.-O 27 de setembro de 1868, a Xunta de Goberno de Málaga súmase con esta proclama á revolución coñecida como *Gloriosa*:**

“Aspiramos á liberdade de conciencia (...). Imos, pois, establecer a liberdade de cultos.  
Aspiramos á liberdade de sufraxio (...), proclamamos o sufraxio universal.  
Aspiramos á liberdade da razón, e queremos o ensino libre, e que o pensamento escrito circule sen traba.  
Aspiramos, en fin, á liberdade económica e de asociación (...).  
Queremos Cortes Constituíntes, expresión fiel da soberanía da Nación, para que promulguen unha Constitución (...).  
Cidadáns: ¡Viva a liberdade! ¡Viva a soberanía nacional! ¡Abaixo os Borbóns!”.

#### **Doc.2.-Constitución de 1869:**

“A Nación Española, e no seu nome as Cortes Constituíntes, elixidas por sufraxio universal, desexando afianzar a xustiza, a liberdade e a seguridade, e prover ao ben de cantos vivan en España, decretan e sancionan a seguinte Constitución (...):

Art. 17. Tampouco pode ser privado ningún español: do dereito de emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito (...). Do dereito de reunirse pacificamente. Do dereito de asociarse para todos os fins da vida humana que non sexan contrarios á moral pública (...).

Art. 32. A soberanía reside esencialmente na nación, da cal emanan todos os poderes.

Art. 33. A forma de goberno da Nación Española é a Monarquía.

Art. 34. A potestade de facer as leis reside nas Cortes. O Rei sanciona e promulga as leis.

Art. 35. O poder executivo reside no Rei, que o exerce por medio dos ministros.

Art. 36. Os tribunais exercen o poder xudicial”.

#### **Doc.3.-Abdicación de Amadeo I (11 de febreiro de 1873):**

“Dous anos longos hai que cingo a coroa de España, e a España vive en constante loita, vendo cada día máis distante a era de paz que tanto desexo (...). Todos invocan o doce nome da patria, todos pelexan e axítanse polo seu ben; e entre o fragor do combate, entre o confuso, atronador e contraditorio clamor dos partidos, entre tantas e tan opostas manifestacións da opinión pública, é imposible afirmar cal é a verdadeira, e máis imposible aínda atopar o remedio para tamaños males. Busqueino dentro da lei ansiosamente e non o atopei. Fóra da lei non ha buscalo quen prometeu observala (...).

Estas son, señores deputados, as razóns que me moven a devolver á nación, e no seu nome a vosoutros, a Coroa que me ofreceu o voto nacional (...).”

#### **Doc.4.-Proxecto de Constitución federal de 1873:**

“Art. 1. Compoñen a Nación Española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias (...).

Art. 39. A forma de goberno da Nación Española é a República federal (...).

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exércese en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son: o Municipio, o Estado rexional, o Estado federal ou Nación (...).

Art.45. O poder da Federación divídese en poder lexislativo, poder executivo, poder xudicial e poder de relación entre estes poderes”.

## COMPOSICIÓN DE TEXTO (tema de tipo histórico)

### OPCIÓN 2

*A partir dos seguintes documentos debes elaborar un comentario sobre a situación que se viviu en España logo da guerra civil. No ámbito da política interior, o elemento esencial foi a instauración dun réxime político autoritario, comezada xa durante a contenda bélica, marcando as diferenzas coas democracias parlamentarias (Doc.1), e que atoparía a súa concreción en diferentes textos legais. A economía dos longos anos de posguerra estivo marcada pola política autárquica (Doc.2), con obxectivos nunca acadados. E polo que respecta ás relacións internacionais, o réxime franquista pasou dunha franca amizade cos países do Eixo (Doc.3) a sufrir o illamento internacional ao remate da Segunda Guerra Mundial (Doc.4). Lembra que a redacción que elabores debe ter en conta as fontes documentais subministradas, pois non se trata de elaborar un tema á marxe delas.*

#### **Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do *Alzamiento Nacional*:**

Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta o pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos; hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases (...); hai que elevar os principios do *Movimiento*”.

#### **Doc.2.-“Fundamentos e directrices dun Plano de saneamento da nosa economía, harmónico coa nosa reconstrución nacional” (1939), por Francisco Franco:**

“O problema máis grande que se presenta á economía española é o desnivel desfavorable da nosa balanza de pagos co estranxeiro (...). Suprimilo ten que constituír a directriz principal da nosa política económica, xa que, doutra maneira, se produciría o fenómeno de que a riqueza nacional continuase a esgotarse nesta sangría de centos de millóns que anualmente vai vigorizar a economía dos países exportadores (...)

Imponse á nosa política comercial no exterior:

- 1º. Suprimir importacións que non sexan indispensables.
- 2º. Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.
- 3º. Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.
- 4º. Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

#### **Doc.3.-Entrevista de Franco e Hitler en Hendaia (1940):**



#### **Doc.4.-En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco:**

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini.

B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...).

A Asemblea Xeral, convencida de que o Goberno fascista de Franco en España (...) non representa ao pobo español (...), recomenda que se prohiba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elas (...).

Así mesmo, a Asemblea recomenda que todos os Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid”.



# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

As circunstancias nas que se produce a ocupación do territorio español polas tropas francesas e o inicio da guerra (Docs. 1 e 2).

As formas de organización e loita contra os franceses (Doc. 2).

As diferentes posturas ideolóxicas e obxectivos dos combatentes, salientando a confrontación interna arredor dos mesmos (Doc. 3).

As cortes de Cádiz como a mellor plasmación do primeiro intento de construír unha España liberal, aludindo ás máis importantes medidas adoptadas (Doc. 4).

Son pertinentes as referencias ao remate da guerra e á restauración absolutista.

### OPCIÓN 2

A instauración do franquismo como resultado da guerra civil, salientando a súa vocación antidemocrática e totalitaria (Doc. 1) e o seu carácter de reacción fronte ao réxime anterior.

A construción e institucionalización do réxime, destacando os ámbitos tratados nos documentos: implantación do sindicalismo vertical (Doc. 2), creación dun pseudoparlamentarismo que non impide a concentración de poderes (Doc. 3) e a forte limitación dos dereitos civís, das liberdades e dos mecanismos de representación que implica o *Fuero de los Españoles* (Doc. 4).

Os grupos sociais, políticos e insituacionais que apoiaron ao franquismo e foron privilexiados por el, mencionados en todos os documentos e explicitamente tratados no Doc. 5.

É pertinente que aparezan referencias a asuntos que, non sendo especificamente citados nos documentos, forman tamén parte do proceso de instauración da ditadura: outras medidas lexislativas, represión da oposición...

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Dado que a proba consiste na composición dun texto, como criterio xeral de avaliación terase en conta a suxección ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a corrección da sintaxe, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas.

En canto aos contidos concretos tratados na redacción, e referidos aos documentos presentados, deberían ser abordados os seguintes:

### OPCIÓN 1

-As circunstancias do derrocamento de Isabel II, atendendo ás razóns que promoveron o levantamento de setembro, á forma que adoptou e ás forzas que o protagonizaron.

-A instauración e características do novo réxime democrático, plasmadas na Constitución de 1869.

-A densa e complexa evolución política do período: o fracaso da fórmula monárquica e a implantación da I República, atendendo especialmente ao seu proxecto federal.

-É pertinente, pero non esixible, aludir á nova intervención militar que porá fin ao Sexenio e posibilitará a Restauración borbónica.

### OPCIÓN 2

-Os fundamentos ideolóxicos do réxime franquista, insistindo no seu carácter autoritario e marcando as diferenzas coa democracia parlamentaria.

-A implantación dunha política económica autárquica, aludindo ás liñas e sectores priorizados, aos instrumentos postos ao seu servizo e aos resultados acadados.

-Unha política exterior marcada inicialmente pola amizade coas potencias do Eixo, que deu paso ao illamento internacional logo da vitoria aliada en 1945.

-É pertinente, pero non esixible, facer referencia tanto ao abandono da autarquía, simbolizado no Plano de Estabilización de 1959, como á superación do illamento (acordos cos Estados Unidos, integración na ONU).